

**Xavier CORDAL**

### **Amañece desde a ventá**

Chegaron amodo, como acostuman, as eguas solemnes  
e os altos salgueiros. Nin o cendal máis sutil de horas  
daría retido o pé que se mergulla entre vapor frío.  
Pastan da luz.

Remexo coa culler o tazón que soña, vexo  
unha fisura no tapiz de cristal e sobre o lombo  
do par de bestas derrámase o día. Fixádevos  
como entra el polo rincho pequeno,  
ao través da crina branca que se sacode  
espantando moscas. Penso que tamén o pánico,  
coma o resto dos deuses, necesita encarnarse.  
Cando dou volta poño a cunca na mesa  
e miro o reloxo da cociña. Non sei  
se quedou alí o unicornio  
pacendo tranquilamente  
ou marcha comigo.